



# **Oportunidades de negocio no sector TIC**

**XUNTA DE GALICIA**

---

Elaboración e edición

Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social  
Consellería de Emprego e Igualdade



Esta obra está elaborada dentro das actividades do Proxecto LACES (0129\_LACES\_1\_E), Laboratorios de apoio á creación de emprego e empresas de economía social, que ten como fin último contribuir ao fomento e consolidación da economía social na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para conseguir un salto cuantitativo na súa capacidade para xerar e consolidar emprego.

O proxecto LACES está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.

---

# INDICE

<b>1. O sector TIC</b> .....	6
1.1 Introdución.....	6
1.2 Contexto económico.....	6
1.3 Tendencias e retos.....	7
1.3.1 Computación na Nube.....	8
1.3.2 Big Data.....	8
1.3.3 Internet das Cousas (IoT).....	9
1.3.4 Intelixencia Artificial.....	9
1.4 Outros retos e posibilidades do sector.....	10
<b>2. A economía social e o sector TIC en la Eurorexión</b> .....	10
2.1. Que se entende por economía Social en Galicia e Portugal.....	10
2.2. O sector TIC en la Eurorexión.....	11
2.3. Economía Social e sector TIC.....	12
<b>3. Criterios de selección de oportunidades</b> .....	13
3.1 Cando unha idea de negocio representa unha oportunidade de negocio?.....	14
3.2 Método de avaliación das oportunidades de negocio.....	15
3.3 Cualificación das oportunidades detectadas.....	15
<b>4. Oportunidades de negocio detectadas</b> .....	16
4.1 Servizo de dispositivos telemáticos para coidado e monitoraxe.....	16
4.1.1 Aumento do número de persoas que viven soas.....	16
4.1.2 Solución ofrecida.....	17
4.1.3 Viabilidade da oportunidade.....	17
4.1.4 Ficha identificativa.....	18
4.2 Dixitalización da pequena empresa.....	19
4.2.1 A dixitalización da pequena empresa é unha tarefa pendente.....	19
4.2.2 Solución ofrecida.....	20
4.2.3 Viabilidade da oportunidade.....	20
4.2.4 Ficha identificativa.....	20
4.3 Rede social artesanal con tenda electrónica.....	21
4.3.1 A implantación da transformación dixital na artesanía.....	21
4.3.2 Solución ofrecida.....	22
4.3.3 Viabilidade da oportunidade.....	22
4.3.4 Ficha identificativa.....	22
4.4 Portal interactivo de valoración de profesionais.....	23
4.4.1 O auxe dos comparadores en liña.....	23
4.4.2 Solución ofrecida.....	23
4.4.3 Viabilidade da oportunidade.....	24
4.4.4 Ficha identificativa.....	24
4.5 Comunidade de makers.....	25
4.5.1 O auxe do faino ti mesmo.....	25
4.5.2 Solución ofrecida.....	26
4.5.3 Viabilidade da oportunidade.....	26
4.5.4 Ficha identificativa.....	27

---

4.6 Sistema de difusión de noticias a través de dispositivos móviles. ....	28
4.6.1 O problema dos grupos en aplicacións de mensaxería instantánea. ....	28
4.6.2 Solución ofrecida. ....	28
4.6.3 Viabilidade da oportunidade. ....	29
4.6.4 Ficha identificativa. ....	29
<b>5. Financiamento. ....</b>	<b>30</b>
5.1 Axudas y subvencións. ....	30
5.1.1 Subvencións Xunta de Galicia. ....	30
5.1.2 ENISA (Empresa Nacional de Innovación S.A.) ....	31
5.1.3 Créditos ICO. ....	31
5.1.4 Incentivos Goberno de Portugal. ....	31
5.2 Financiamento para proxectos de economía social. ....	31
5.3 Axudas e subvencións específicas para o sector TIC. ....	34
5.4 Líñas de financiamento específicas. ....	34
5.5 Outras líñas de financiamento públicas ou privadas. ....	34
5.5.1 Incubadoras e aceleradoras de startups. ....	35
5.5.2 Sociedades de capital risco. ....	35
5.5.3 Business angels. ....	35
5.5.4 Banca privada. ....	35
<b>6. Fontes consultadas. ....</b>	<b>36</b>

# 1. O sector TIC.

## 1.1 Introducción.

O sector das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) está formado polas industrias manufactureiras ou de servizos cuxa actividade principal está vinculada co desenvolvemento, comercialización e uso intensivo das tecnoloxías que lle dan o seu nome. É dicir, todas aquelas empresas que dedican a súa actividade principal á fabricación e á prestación de servizos TIC entre os que se atopan o comercio, as actividades informáticas e as telecomunicacións.



A rama das actividades informáticas, na que se concentran o maior número das empresas, agrupa negocios relacionados coas tecnoloxías da información e a informática, desenvolvemento web, actividades de programación de software, videoxogos e aplicacións para todo tipo de dispositivos, a consultoría informática, así como a reparación de equipos de comunicación e informáticos, a xestión de recursos informáticos e o procesamento de datos.

Na rama do comercio agrúpanse as empresas que se dedican á venda por xunto de equipos e programas informáticos, equipos electrónicos, de telecomunicacións e os seus respectivos compoñentes. Por último, na rama das telecomunicacións concéntranse as empresas dedicadas a todo tipo de comunicacións, xa sexan sen fíos, por cable ou por satélite.

Un dos obxectivos do sector é a mellora da calidade de vida das persoas, utilizando para iso servizos, redes, software e dispositivos que se integran nun sistema de información interconectado. O sector TIC contribúe ao desenvolvemento social e económico, debido ao seu carácter transversal e o seu impacto sobre a produtividade e a competitividade do resto de sectores de actividade. É dicir, trátase dun sector estratéxico para a economía.

Maioritariamente, a Eurorrexión de Galicia e norte de Portugal ten núcleos de poboación moi dispersos e a comunicación coas zonas máis poboadas é difícil, o que carrega unha dificultade implícita para xerar industria nesas zonas. As oportunidades de negocio no sector TIC, que se presentan neste informe, poden axudar a mellorar a calidade de vida das persoas e impulsar a creación de industria e postos de traballo na zona de estudo.

## 1.2 Contexto económico.

Na actualidade, España continúa con tendencia positiva de crecemento económico. No ano 2018, a taxa de variación do Produto Interior Bruto (PIB) per cápita alcanzou o 3,2%. Unha tendencia positiva que comezou no ano 2014, indicando unha mellor situación económica no país tras o período de crise iniciado no 2007. Un caso similar rexístrase en Portugal, cun PIB per cápita do 3,7% en 2018.

Centrándonos no sector TIC, podemos observar un aumento no número de empresas que se dedican ao sector, así como das cifras de negocio, o investimento e os postos de emprego activos, con respecto aos datos recollidos en anos anteriores. A finais do ano 2017, segundo datos do Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI), o número de empresas españolas pertencentes ao sector TIC ascendía a máis de 24.000 compañías, un 3,4% máis que o ano anterior. Isto supón consolidar unha tendencia de crecemento por catro anos consecutivos. A rama de actividade que comprende un maior número de firmas é a correspondente ás actividades informáticas, que representa un 71% do total de empresas TIC. Dende o ano 2014, a cifra de negocios do sector TIC creceu de forma constante en España. Concretamente, en 2017 alcanzáronse os 87.627 millóns de euros. Doutra banda, o investimento das empresas tamén experimentou crecemento, superando os 15.000 millóns de euros. É destacable, ademais, o incremento rexistrado no emprego, un 6,3%, ata alcanzar os 391.001 postos de traballo.

Segundo o Informe Anual do sector TIC e dos Contidos en España, en 2016 en Galicia concentrábase un 5% das empresas TIC de España, cun total de 1.292, o que representa o sexto posto a nivel estatal. Con todo, o 83% destas empresas son microempresas con dous ou menos asalariados, e soamente un 6% teñen 10 ou máis traballadores. O valor engadido bruto das empresas TIC en Galicia durante o 2016 aumentou un 9,1%, superando os 1300 millóns de euros.

No caso de Portugal, cuxos datos publica en 2018 o diario “Jornal Económico”, o sector está maioritariamente composto polas empresas de consultoría e programación informática. Trátase maiormente de compañías de recente creación e de dimensións reducidas.

Máis da metade das empresas TIC portuguesas viron aumentar o seu volume de negocio nos últimos anos. Ademais, este segmento presenta unha maior taxa de empresas de crecemento elevado que o resto de firmas do país. O censo de empresas TIC portuguesas está conformado por 7.260 compañías, con 13.376 millóns de euros en volume de negocio e 78.360 empregados.

### 1.3 Tendencias e retos.



Ao longo das últimas décadas, o crecemento e evolución das TIC e das infraestruturas nas que se apoian foi acorde ao aumento das súas aplicacións e da difusión do seu uso nas economías desenvolvidas. Sen dúbida, o rápido desenvolvemento das TIC e seu maior uso en empresas, fogares e administracións ten un importante impacto que alcanza todos os ámbitos da economía e a sociedade. As principais tendencias no sector, na maioría dos casos xa son unha realidade, aínda que se prevé unha aceleración considerable do seu desenvolvemento nos vindeiros anos. A transformación dixital está a converterse nunha estratexia empresarial fundamental, deixando de tratarse de proxectos ou meras iniciativas para converterse en novas empresas que podemos denominar nativas dixitais. As tenden-

cias identificadas están relacionadas entre si, non son cambios illados, senón que cada unha é parte fundamental para o desenvolvemento do resto.

Segundo un estudo de Ametic (patronal representante do sector da industria tecnolóxica dixital en España) de 2017, as actividades con previsións de maior crecemento son as relacionadas co software e os servizos de tecnoloxías da información. En canto ao hardware, indica que no futuro o seu peso será menor, dado que este segmento estará cuberto polos servizos de computación na nube. Ademais, o estudo revela que a competencia será cada vez maior, á vez que xurdirán oportunidades da aparición de novos mercados e fontes de investimento para o sector.

Detallamos, a continuación, as principais tendencias no Sector TIC:

### 1.3.1 Computación na Nube.

A necesidade de almacenamento, provocada pola transformación dixital das empresas e da sociedade en xeral, está a converter aos servizos na nube en protagonistas. Estes son necesarios para o desenvolvemento doutras actividades como o Internet das Couzas (IoT), a Intelixencia Artificial ou o Big Data, xa que o utilizan como base.

Os principais retos existentes en relación á computación na nube son:

- Distribución. Os servizos na nube necesitarán de distribuidores que fagan labores de integración, xestión de datos, seguridade e adaptación ás necesidades de cada empresa.
- Servizos estandarizados. Ademais de servizos especializados, ten que existir unha oferta estándar destinada a facilitar o acceso á computación na nube a empresas pequenas.
- Interconexión. A intelixencia artificial está cada vez máis baseada na tecnoloxía na nube, por tanto, son tendencias interconectadas.
- Seguridade. Avanzar na seguridade, e en mellorar a súa percepción por parte dos clientes, é un reto fundamental para o desenvolvemento dos servizos na nube.

### 1.3.2 Big Data.

Denomínase Big Data á xestión e análise de grandes volumes de datos provenientes de diferentes fontes, canles e sistemas dixitais mediante tecnoloxías escalables de computación e almacenamento de nova xeración. O considerable aumento de dispositivos interconectados, capaces de producir un grande volume de datos, xunto coa aparición do almacenamento na nube, fan necesaria a utilización desta nova tecnoloxía para xerar información valiosa a partir dos datos en bruto. O Big Data constitúese como tendencia pola variedade de vantaxes que ofrece: incremento da produtividade, aumento do nivel de información, identificación de novos mercados ou un mellor coñecemento do consumidor.



Os principais retos existentes en relación ao Big Data son:

**Ciberseguridade.** A seguridade deberá desenvolverse ao mesmo ritmo que estas tendencias para ir cubrindo as vulnerabilidades que poidan xurdir ao longo da súa evolución.

**Metodoloxías de análise.** O enorme volume de datos que se xera require de persoal e provedores especializados no seu tratamento. A variedade de tipos de datos fai necesaria a aparición dun novo software mellorado e de persoal cualificado que o poida manexar.

### 1.3.3 Internet das Cousas (IoT).

Fai referencia á interconexión e comunicación de todo tipo de dispositivos a través da Internet. As vantaxes que reporta son inmensas, ademais de xerar un importante volume de datos e información, permite mellorar na calidade de vida da nosa sociedade.

Estes avances permiten aos dispositivos de campo comunicarse e interactuar entre eles e cos controladores centrais. O IoT tamén axuda a descentralizar a análise e a toma de decisións e permite dar respostas en tempo real.

Os principais retos aos que se enfrenta o IoT son:

- **Seguridade.** Garantir a seguridade e a privacidade dos datos almacenados.
- **Adaptación.** Conseguir a total compatibilidade con diversos sistemas xa implementados.
- **Edge Computing.** Os dispositivos modernos adoitan reaccionar mellor aos procedementos e respostas en tempo real, o cal dificulta a compatibilidade con sistemas na nube. Esta tecnoloxía permite que o procesamento dos datos producidos polos dispositivos teña lugar máis preto de onde se crearon en lugar de envialos a través de longos percorridos para que cheguen aos centros de datos e nubes de computación.

### 1.3.4 Intelixencia Artificial.

A Intelixencia Artificial (IA) ten o obxectivo de imitar o comportamento humano (aprendizaxe, comprensión, linguaxe e comunicación con persoas) e melloralo (computación cognitiva).



Pola súa banda, as tecnoloxías baseadas na IA xa se están aplicando actualmente na predición de comportamentos en contextos coñecidos (márketing, recursos humanos, operacións, vendas...). Algúns exemplos son: recoñecemento de voz, recoñecemento de obxectos e asistentes virtuais.

---

A dixitalización das actividades provocou o aumento de datos desestruturados e de pronta caducidade, o que fai necesaria a creación de sistemas intelixentes capaces de obter valor deses conxuntos de datos e ofrecer outros puntos de vista como o faría a intelixencia humana.

Os principais retos aos que se enfronta o desenvolvemento da Intelixencia Artificial son:

- **Seguridade.** Garantir a integridade, seguridade e privacidade dos datos almacenados.
- **Difusión.** Publicitar a utilidade e importancia para a sociedade das tecnoloxías baseadas na Intelixencia Artificial.
- **Persoal especializado.** Aumentar o investimento en formación de profesionais cualificados.
- **Computación cognitiva.** Desenvolvemento de ferramentas de análise para obter información e coñecemento a partir de datos desestruturados e de pronta caducidade.
- **Xemellos Dixitais.** Desenvolvemento de modelos virtuais dun proceso, produto ou servizo que permite a análise de datos e a vixilancia de sistemas para prever os problemas e así evitalos antes de que se produzan.
- **Investimento.** Destinar un maior número de recursos para o seu desenvolvemento.

#### **1.4 Outros retos e posibilidades del sector.**

Ademais dos retos específicos de cada unha das tendencias analizadas no apartado anterior, o sector das TIC debe facer fronte a outros retos de índole común:

- **Aumento da representación feminina.** Segundo a OCDE, só o 12% dos matriculados en graos TIC en España (2017) son mulleres (19% nos países pertencentes á OCDE).
- **Escaseza de talento.** Segundo unha enquisa realizada polo Grupo Adecco (2017), un 67% dos consultados pensan que existe un importante déficit de talento no sector das TIC. Percepción que aumenta aínda máis, ata o 80%, cando se pregunta aos responsables de Recursos Humanos de empresas españolas, que recoñecen ter problemas para atopar profesionais que se axusten ás súas necesidades reais. Ademais, advirten que cando conseguen o traballador ideal cústalles moito mantelo, debido á alta rotación de persoal no sector.
- **Mellora de condicións laborais.** O 86,4% dos consultados na enquisa de Adecco citada anteriormente cre que as condicións laborais neste sector son mellores no estranxeiro.
- **Unificación e validación de titulacións a nivel europeo.**

Doutra banda, o sector TIC veu consolidándose como un auténtico motor de posibilidades. A aplicación das novas tecnoloxías logrou incrementar notablemente as posibilidades das empresas, entre outras, as vinculadas á oportunidade de traballar a distancia (teletraballo).

Grazas ás peculiaridades das empresas do sector TIC, é posible facilitar que as persoas con diversidade funcional sexan incorporadas nas corporacións. Ademais, pódese facilitar a conciliación laboral e o intercambio de traballadores entre rexións e países.

## 2. A economía social e o sector TIC en la Eurorrexión.

### 2.1. Que se entende por economía Social en Galicia e Portugal.

A economía social en Galicia está regulada pola Lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social de Galicia e defínese como o conxunto de actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen, ou ben o interese colectivo das persoas que as integran, ou ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.

En Portugal, a economía social está regulada pola “Lei de Bases da Economía Social de Portugal 30/2013”. Esta lei define a economía social como o conxunto de actividades económico-sociais levadas a cabo libremente por un catálogo de entidades entre as que se atopan, por exemplo, as cooperativas, fundacións ou asociacións mutualistas. Ademais, as actividades que realicen estas entidades deben estar destinadas a perseguir o interese xeral da sociedade, xa sexa directamente ou a través da consecución dos intereses do seu persoal membro, usuario e beneficiario.

### 2.2. O sector TIC na Eurorrexión.

O sector das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) é clave para o desenvolvemento e o crecemento do emprego debido á rapidez coa que avanza a tecnoloxía e esta inflúe na sociedade.

Segundo unha análise realizada no proxecto ACEint (Acelerador Transfronteirizo para a Creación de empresas TIC innovadoras orientadas a mercados internacionais) dentro do POCTEP (Programa Operativo Cooperación Transfronteiriza España-Portugal) atópanse os seguintes puntos en común no sector TIC da Eurorrexión:



- É un sector constituído por empresas de pequeno tamaño.
- Empresas orientadas máis á prestación de servizos que á fabricación de produtos.
- Empresas centradas en mercados locais, con moi pouca experiencia internacional.

Tanto Galicia como Portugal teñen obxectivos en común tanto para modernizar o tecido produtivo como para facilitar o acceso á internet de ampla á poboación da Eurorrexión e transformar as relacións entre as administracións coa cidadanía. Todo iso para proporcionar un crecemento económico, innovar e aumentar a produtividade.

Ademais, o RIS3T 2015-2020, ou Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza de Galicia e Rexión Norte de Portugal, coordinado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDRN), inclúe o emprego e creación de novas ferramentas TIC como elementos transversais en todas as súas áreas estratéxicas de colaboración:

- Aproveitamento da enerxía procedente da biomasa e do mar.
- Potenciación da competitividade das industrias agroalimentaria e biotecnolóxica.
- Industria 4.0.
- Fomento da competitividade das industrias de mobilidade.
- Modernización das industrias turísticas e creativas a través das TIC.
- Solucións avanzadas para a vida saudable centrada no envellecemento activo.

Aliñando as súas estratexias e obxectivos co exposto no RIS3T, a Axenda Dixital de Galicia confía nas TIC como medio para impulsar o crecemento, tanto como sector económico, como na súa condición de factor imprescindible para o desenvolvemento de todos os sectores.

En Portugal, unha das estratexias de especialización do RIS3, concretamente a “Estratexia Nacional de Investigación e Inovação para uma Especialização Inteligente”, presenta o país como un referente na economía dixital. Para Portugal, as TIC son un activo estratéxico transversal da sociedade contemporánea para a afirmación da lingua portuguesa e de Portugal no mundo, para a cohesión nacional e para o desenvolvemento sostido do país. Ademais, teñen un papel mobilizador que permite influenciar de forma relativamente rápida o desempeño horizontal de toda a sociedade portuguesa.

A “Agenda Portugal Digital” recolle obxectivos para 2020, como permitir que toda a cidadanía teña acceso a Internet de banda ampla, aumentar o financiamento de I+D+i no sector TIC ou promover unha maior utilización dos servizos públicos en liña.

### 2.3. Economía Social e o sector TIC.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) teñen capacidade para configurar a sociedade xa que as innovacións tecnolóxicas sempre marcaron o seu ritmo de cambio. As TIC axudan a desenvolver aspectos sociais na comunidade xa que facilitan o acceso á información desde calquera lugar, en calquera momento e con grande variedade de dispositivos. Producen unha sociedade hiperconectada á vez que axudan a que as comunicacións sexan dunha maneira máis natural.

Cun enfoque de economía social, as TIC poden facernos traballar dun xeito máis social e axúdannos a relacionarnos, a innovar en rede e a construír unha sociedade máis xusta. Trátase dunha industria que vive en constante e rápida evolución, o que produce que as entidades de economía social atópanse vivindo unha rápida transformación dixital.



Nos países da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, a lexislación que delimita a economía social recolle entidades moi similares, aliñándose co que a Unión Europea entende por economía social. Con todo, preséntanse matices referentes ao desenvolvemento destas entidades a cada lado da fronteira.

---

As entidades que lideran a economía social son as cooperativas, con todo, o tipo de cooperativas que se dan maioritariamente en cada país son moi diferentes. En Galicia, o cooperativismo de traballo é ao que pertence un maior número de entidades e o que máis creceu nos últimos tempos. En cambio, en Portugal a realidade é moi distinta, este modelo cooperativista case non existe, sendo as cooperativas de servizos as que experimentaron un maior desenvolvemento. Esta situación pode afectar no nacemento de novas entidades do sector TIC, ao ser o cooperativismo a fórmula de emprendemento máis utilizada en ambos os lados da fronteira.

Segundo os estudos que analizan a presenza das empresas TIC no ámbito da economía social, cabe destacar a súa escasa representación, feito que non ocorre, por exemplo, noutras empresas de base tecnolóxica. Segundo un recente estudo realizado pola CEPES (Confederación Empresarial Española de Economía Social) no que se analizan as empresas de base tecnolóxica, a economía social está presente en todos os sectores que a compoñen excepto no sector TIC, que conta cunha infrarrepresentación no conxunto do estado. Podemos dicir, en definitiva, que as entidades de economía social sofren un retardo na adopción destas tecnoloxías transformadoras.

A maioría das persoas emprendedoras dentro do sector TIC caracterízanse por unha falta de interese cara á economía social, o que se reflicte na forma xurídica que escollen na maior parte dos casos á hora de constituír a súa empresa. En calquera caso, aínda que a súa representación sexa escasa, a economía social está presente neste sector e mantén, ademais, os seus sinais de identidade: unha menor fenda salarial de xénero e entre a mocidade e rangos salariais (diferenza entre o que máis cobra e o que menos) menores que no resto do tecido empresarial.

O feito de afondar no coñecemento de como se están implantando as TIC na economía social permitirá desenvolver estratexias que revertan esta tendencia de infrarrepresentación.

### 3. Criterios de selección de oportunidades.



En grandes liñas, podemos dicir que todas as empresas con éxito comezaron sendo unha idea, con todo, esta idea debeu ter unhas características determinadas que fixeron posible a creación de tal empresa. Unha das principais características das ideas que rematan por converterse en empresas é que realmente representaban unha oportunidade de negocio.

Na maioría dos casos partimos dunha ou varias ideas de negocio, cada unha das cales adoita ser unha descrición xeral do que identificamos que se podería materializar como empresa, pero, polo xeral, resulta ser insuficiente con esta primeira aproximación para xustificar a creación dunha empresa de éxito. Por iso, é necesario avanzar na identificación da oportunidade de negocio que pode existir ao redor das ideas que nos resultaron máis atractivas, é dicir, atopar de que xeito podemos planear as nosas ideas, de modo que constitúan realmente un negocio viable.

---

### 3.1 Cando unha idea de negocio representa unha oportunidade de negocio?.

Nunha primeira aproximación, as oportunidades de negocio posúen as características que se detallan a continuación:

- Pode ser implementada.
- Agrega valor para o seu comprador ou usuario final.
- O usuario-consumidor ten predisposición para pagar por ese produto-servizo máis que o que custou produci-lo.
- Avístase unha vía, camiño ou patrón de crecemento para o proxecto.
- Contén un compoñente de innovación ou novidade relevante respecto de outras ofertas ou negocios de características similares.
- É posible construír unha barreira competitiva ou aspecto diferenciado permanente do proxecto.

Por último, non hai que deixar de considerar a viabilidade nos termos de que non existan impedimentos técnicos para poñer en marcha o negocio nin impedimentos legais. Manter contacto con expertos do sector, referentes da industria ou emprendedores con experiencia, é tamén unha boa ferramenta para detectar as oportunidades de negocio.

Richard H. Buskirk, profesor da Universidade do Sur de California, propúxose deseñar unha ferramenta de análise que axuda a avaliar as fortalezas e debilidades de calquera idea á que se queira medir o seu potencial como oportunidade de negocio. Para iso, o profesor Buskirk definiu un conxunto de atributos ou características do que denominou o negocio ideal ou negocio modelo. Baseándonos na súa formulación e facéndolle algúns axustes, podemos concluír que o negocio ideal debería reunir as seguintes características:

1. Non require investimento.
2. Ten un mercado xa establecido.
3. Está claramente identificada a necesidade e o produto requirido.
4. Conta cunha fonte confiable de provisión de materias primas.
5. Non ten regulacións gobernamentais adversas.
6. Non require dunha gran cantidade de traballadores.
7. Proporciona unha ganancia bruta do 100%.
8. A demanda é frecuente e continua.
9. As condicións tributarias son favorables.
10. Existe un sistema de distribución e comercialización, sólido e de confianza.
11. Os clientes pagan por adiantado o produto ou servizo ofrecido.
12. É fácil lograr un gran impacto a través dunha tarefa de publicidade sinxela.
13. Está exento de responsabilidade civil (non afecta os usuarios).
14. Non hai risco de obsolescencia. As modas e avances tecnolóxicos non lle impactan.
15. As condicións ambientais non lle afectan.
16. Pódense posuír algúns dereitos de propiedade intelectual.
17. Non hai competidores que o despracen a curto prazo.
18. Pódese establecer un prezo que os clientes pagarían.
19. Non esixe a necesidade dunha tecnoloxía sofisticada.
20. Sábese con precisión onde están os clientes e cantos hai.

Evidentemente, todas estas características seguramente non poderían ser cumpridas por negocio ningún (incluíndo aqueles que xa tiveron éxito no pasado), pero do que se trata é de comparar canto se parece unha idea de negocio ao modelo ideal exposto.

Canto maior sexa a coincidencia entre as características do modelo ideal e as ideas, estas últimas terán maiores posibilidades de ser consideradas como unha oportunidade de negocio e en consecuencia, ser desenvoltas con boas probabilidades de éxito.

### 3.2 Método de avaliación das oportunidades de negocio.

Para validar o potencial das oportunidades detectadas utilizouse un método de puntuación en comparación con cada unha das características do negocio ideal definido no apartado anterior.

As ideas de negocio estudadas foron avaliadas na escala do 1 ao 10 para cada unha das características expostas no apartado anterior, de forma que se a idea cumpre ao 100% coa característica sinalada asígnaselle un 10; pola contra, se a idea non cumpre en absoluto coa característica avaliada, entón asígnaselle un 1.

Asumindo que poden existir matices, e que o método de asignación de puntuacións pode ter un compoñente subxectivo, elaborouse unha escala con valores intermedios para que a avaliación poida axustarse mellor á realidade.

Interpretación das puntuacións:

- 160 - 200 puntos. Ten todas as características dunha oportunidade de negocio de éxito.
- 130 - 159 puntos. Ten moito potencial para ser unha oportunidade de negocio con éxito.
- 100 - 129 puntos. Fáltalle claridade para considerarse como oportunidade de negocio.
- 0 - 99 puntos. A idea de negocio non é válida.

### 3.3 Cualificación das oportunidades detectadas.

Utilizando os criterios de selección e validación de ideas negocio descritos en apartados anteriores, recompilouse unha lista coas oportunidades de negocio emerxentes no sector das TIC, que se poden materializar polas empresas de economía social dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

A táboa amosada a continuación contén a relación das puntuacións conseguidas por cada unha das oportunidades segundo o criterio de selección descrito.

Oportunidade de negocio detectada	Puntuación
Servizo de dispositivos telemáticos para coidado e monitoraxe.	169
Dixitalización da pequena empresa.	173

Rede social artesanal con tenda electrónica.	162
Portal interactivo de valoración de profesionais.	160
Comunidade de makers.	176
Sistema de difusión de noticias a través de dispositivos móbiles.	180

## 4. Oportunidades de negocio detectadas.

As oportunidades de negocio seleccionadas dentro do sector TIC descríbense nos seguintes apartados:

### 4.1 Servizo de dispositivos telemáticos para coidado e monitoraxe.

#### 4.1.1 Aumento do número de persoas que viven solas.

Xa sexa porque as circunstancias persoais obrigan a iso ou porque así o desexa a persoa, o vivir sen compañía é un fenómeno que crece entre os habitantes da Eurorrexión cada ano.

En 278.000 dos máis dun millón de fogares galegos soamente reside unha persoa. Estes datos foron recompilados da Enquisa Continua de Fogares que elabora o INE (Instituto Nacional de Estatística, 2018), que revela que no último lustro este tipo de fogares unipersoais creceu máis dun 11 %, sumando case 28.000 casos dende o 2013.



O perfil da persoa que vive soa en Galicia é dunha muller de máis de 80 anos, viúva, coa vivenda xa paga e que vive nun edificio nunha localidade de máis de 100.000 habitantes.

En Portugal, segundo o censo de 2011, no 21,4% dos fogares vive unha persoa en soidade. Ademais, no 46,9% dos casos, trátase dunha persoa maior de 65 anos.

A soidade causa numerosos problemas de saúde mental e física, por exemplo, o aumento da tensión arterial, problemas cardiovasculares, problemas de insomnio ou outros problemas como a depresión. A soidade está vinculada a un risco máis alto de padecer demencia e Alzheimer, debido á ausencia de interaccións persoais e a menor actividade que realiza o cerebro estando en soidade. Ademais, as persoas que viven soas teñen unha menor percepción do seu estado de saúde e, por tanto, o risco de mortalidade destas persoas aumenta.

---

Algúns problemas que experimentan estas persoas tamén teñen que ver coa mobilidade, reducida e con limitacións na maioría dos casos, dado que a actividade diaria baixa moi notablemente.

Doutra banda, segundo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (FFCCSE) hai un incremento de delitos cara a persoas de avanzada idade que viven soas en lugares apartados, como calotes, vendas fraudulentas ou roubos.

Finalmente, segundo un estudo realizado polo Instituto Español de Estatística en 2018, o 5,5% da poboación europea coida de forma non remunerada persoas adultas, o que conleva dificultades para a conciliación da vida persoal, familiar e profesional e mesmo deriva en problemas de saúde para os cuidadores.

#### **4.1.2 Solución ofrecida.**

Esta oportunidade céntrase no desenvolvemento de pequenos dispositivos de teleasistencia e a súa posterior comercialización na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal. Estes dispositivos estarían dirixidos a persoas con problemas de mobilidade, problemas de memoria, persoas de idade avanzada que viven soas, etc. Consistiría nun servizo de comunicación bidireccional (posibilidade de teleasistencia), ademais, dun sistema de comunicación en caso de emerxencias adaptado ás necesidades de persoas con discapacidade.

A vantaxe deste servizo radica en empregar dispositivos de última tecnoloxía, xa dispoñibles no mercado, que permiten monitorar a localización e as constantes vitais da persoa, á vez que, facendo uso dos datos recompilados da persoa e aplicando tecnoloxías de Big Data e de Intelixencia Artificial poder predicir comportamentos e detectar posibles accidentes antes de que teñan lugar. Mediante este servizo poderíase monitorar o usuario e ofrecer, de maneira simultánea, un servizo de axuda personalizado. Os avances tecnolóxicos fan que cada vez os sistemas para monitorar persoas teñan mellores prestacións, maior autonomía e acheguen datos máis fiables.

Doutra banda, é conveniente destacar que esta oportunidade de negocio podería encaixarse nunha cooperativa formada por persoal con formación sanitaria.

#### **4.1.3 Viabilidade da oportunidade.**

A viabilidade desta oportunidade radica en que existe un grande número de posibles clientes dado que a Eurorrexión é unha das zonas europeas coa idade media da súa poboación máis alta e con poboación envellecida que vive soa.

Este servizo é así mesmo moi útil para todas aquelas persoas que coidan a familiares en situación de dependencia e teñen dificultades para conciliar a súa vida persoal coa familiar e a laboral.

O desenvolvemento deses dispositivos coa tecnoloxía actual ten un custo moi baixo. Poderíanse utilizar dispositivos xa existentes no mercado, como pulseiras de actividade. O modelo de negocio consiste en ofrecer mediante subscripción, a través de pequenas cotas mensuais, tanto os dispositivos como o servizo de control e xestión incorporado.

#### 4.1.4 Ficha identificativa.

##### **Produto o servizo.**

Servizo de dispositivos telemáticos para coidado e monitoraxe de persoas.

##### **Necesidade que satisfacer.**

O número de persoas que viven soas aumenta na Eurorrexión cada ano, ademais, son moitas as persoas que coidan a familiares en situación de dependencia e teñen dificultades para conciliar a súa vida persoal coa familiar e a laboral.

Mediante este servizo poderíase monitorar ao usuario e ofrecer, de xeito simultáneo, un servizo de axuda personalizado.

##### **Sector onde se encadra.**

Esta oportunidade de negocio encádrase na rama de actividades informáticas do sector. Ademais, está vinculada coas tendencias de Big Data e Intelixencia Artificial.

##### **Cientes obxectivos.**

Persoas maiores ou con problemas de mobilidade que viven soas, así como os seus familiares.

Persoas que coidan doutras persoas en situación de dependencia.

En xeral tratarase de persoas pouco familiarizadas coa tecnoloxía.

##### **Barreiras de entrada (normativa, tecnoloxías, financiamento...).**

As principais barreiras de entrada son a necesidade de financiamento. Ademais, os clientes poden apreciar este tipo de dispositivos como unha intromisión na súa intimidade.

##### **Tecnoloxía necesaria.**

Computadores, teléfonos móbiles, tabletas e software para programación. Dispositivos de monitoraxe, por exemplo, pulseiras de actividade.

##### **Recursos humanos necesarios - cualificación asociada.**

Persoal cualificado para a programación de software, aplicacións web e aplicacións móbiles.

Persoal cualificado para a programación de aplicacións baseadas en Intelixencia Artificial.

Persoal especializado en atención ao cliente e en teleasistencia, con formación sanitaria.

Un equipo de entre 6 e 8 profesionais sería suficiente para levar as tarefas de programación e mantemento do software e hardware, así como dar soporte aos clientes nun primeiro momento. En caso de conseguir un gran número de clientes deberíase incrementar o persoal dedicado ao servizo de teleasistencia.

##### **Necesidade de inversión para a posta en marcha.**

Ao redor de 200.000 € para investir no equipamento necesario, formado por: computadores, dispositivos de teleasistencia e vehículos para os desprazamentos ata o lugar de instalación e para levar a cabo as tarefas de asistencia e soporte técnico.

##### **Entidades colaboradoras / socios.**

As entidades colaboradoras para esta oportunidade son os servizos públicos de saúde e os servizos sociais de cada territorio.

## 4.2 Dixitalización de la pequena empresa.

### 4.2.1 A dixitalización da pequena empresa é unha tarefa pendente.

O 94,8% das empresas españolas ten menos de 10 empregados e as empresas familiares supoñen o 89% do total das empresas do país. Soamente un 26% das empresas familiares contan cunha estratexia sólida de transformación dixital (segundo estudo de Deloitte en 2016); por tanto, a transformación dixital da pequena empresa é un asunto de elevada importancia e que non podemos pasar por alto. Un dato preocupante sobre a transformación destas empresas é que o 52% da nova xeración admite ter escasos coñecementos para levar a cabo esta transformación dixital. Esta situación revela a importancia de que os directivos destas pequenas empresas reflexionen sobre como integrar os avances tecnolóxicos.



Segundo un estudo de Vodafone, en 2018, o número de pequenas empresas e profesionais con plans de dixitalización aumentou dun 14 a un 29%. Para algo máis dun 60% das empresas españolas, a seguridade e a conectividade son as áreas de investimento en dixitalización máis destacadas, á vez que crece a relevancia da Internet das cousas e o Big Data.

Os datos son similares en Portugal, onde 95,5% das empresas ten menos de 10 traballadores (Eurostat, 2017). Segundo o “Estudo da maturidade digital das empresas em Portugal” (Ernst & Young, 2018), a transformación dixital non é nova para a gran maioría de empresas, só o 5% non comezou o proceso e o 10% atópase nunha etapa temperá. A pesar diso, poucas empresas portuguesas levaron a cabo a dixitalización de maneira integral. As empresas de Portugal asumen un déficit xeneralizado de competencias internas na área da transformación dixital, aínda que recoñecen que a transformación dixital crea oportunidades para experimentar con novos produtos e modelos comerciais, así como para a activación dixital cruzada das organizacións.

A era dixital é todo un reto tanto para profesionais como para as empresas, sexa cal for o seu tamaño, que deben afrontar tanto a dixitalización do seu negocio como un constante cambio nas súas estratexias para adaptarse á contorna. No caso das pequenas empresas, poden aproveitar o seu carácter tradicional na planificación a longo prazo para ir implementando a transformación dixital, á vez que aproveitan o cambio para redefinir completamente a súa organización con vista a un futuro totalmente dixitalizado. Isto permitiralles ser líderes da súa contorna competitiva, e por suposto, seguir crecendo. Está demostrado que a transformación dixital, ademais de aumentar os ingresos do 70% das empresas, tamén aumenta a satisfacción dos empregados.

O networking (intercambio de contactos) tamén é un factor clave no desenvolvemento do negocio, e máis nas pequenas empresas. Ampliar a rede de contactos con empresas do mesmo ou de diferente sector, é moi proveitoso para establecer sinerxias e compartir experiencias, tarefas que parecen complicarse no caso das pequenas empresas.

---

Un dos principais impedimentos que atopan os empresarios para a súa dixitalización é o custo e o elevado investimento necesario, ademais, alertan doutros retos como a ausencia de persoal cualificado na empresa, a resistencia dos empregados #ante as tarefas de dixitalización e o descoñecemento da oferta de novas tecnoloxías.

#### **4.2.2 Solución ofrecida.**

A oportunidade de negocio detectada consiste na dixitalización da pequena empresa, ofrecendo produtos adaptados ás necesidades de cada negocio, formación de empregados e outros servizos, por exemplo, dixitalización de documentos e o seu posterior almacenamento en repositorios dixitais.

Esta empresa axudará a xerar valor, xestionando as axudas para a innovación, dixitalización e a implantación de novas fórmulas de comercialización e expansión do sector comercial e artesanal.

#### **4.2.3 Viabilidade da oportunidade.**

A particularidade da rexión, cun índice tan alto de pequenas empresas con necesidade de transformación dixital, as axudas da administración para realizar esta actualización e o escaso investimento necesario para poñer en funcionamento esta empresa, fan que sexa viable con moi alta probabilidade.

#### **4.2.4 Ficha identificativa.**

##### **Produto ou servizo.**

Servizo para a dixitalización da pequena empresa, ofrecendo produtos adaptados ás necesidades de cada negocio, formación de empregados e outros servizos relacionados.

##### **Necesidade que satisfacer.**

Actualmente, máis dun 70% das pequenas empresas, negocios familiares e profesionais non dispoñen dunha estratexia sólida de transformación dixital. Ademais, a maioría de empresarios e traballadores teñen escasos coñecementos para levar a cabo esta transformación dixital.

##### **Sector onde se encadra.**

Esta oportunidade de negocio encádrase na rama de actividades informáticas do sector.

##### **Clientes obxectivos.**

As pequenas empresas da zona da Eurorrexión que, no seu maior parte, teñen pendente a súa transformación dixital, representan os clientes obxectivos desta oportunidade de negocio.

##### **Barreiras de entrada (normativa, tecnoloxías, financiamento ...).**

A principal barreira de entrada son os custos que poden supoñer os procesos de transformación dixital, así como a falta de convencemento por parte de moitos empresarios e profesionais da necesidade de dixitalización.

**Tecnoloxía necesaria.**

